

## "Os galegos ollan para Portugal e os portugueses están a ollar para Europa"

R. Castro | 21 de Maio de 2017



Hélia Correia [Foto: C. Sánchez]

Hélia Correia recibiu o premio Escritora Galega Universal da AELG na Gala do Libro que se celebrou onte sábado en Compostela. Afastada por decisión propia das luces de platós e palcos, a autora portuguesa -gañadora do Premio Camões, o máis prestixiado na súa lingua- fala con Sermos da súa escrita, das relacións galego-portuguesas, de política e tamén de Narf. De case todo agás das dúas cousas que máis lle interesan: os gatos e Grecia.

**- Vostede ten recibido múltiples premios, como o Camões -o máis importante das letras portuguesas-, pero teño ouvido que só acepta galardóns cando veñen dos seus colegas escritores/as. É así?**

- É.

**- E que lle pareceu que os escritores e escritoras galegas a recoñezan como Escritora Galega Universal?**

- Eu acepto premios de amigos e de pares, non acepto premios de empresas e así. Pero este da Galiza é diferente. Os outros son dados por amigos e este é dado por irmaos. Porque cos meus amigos galegos e coa cultura galega eu sinto unha afinidade moi moi especial, e hai realmente unha relación de irmandade. Somos fillos dos mesmos pais, da mesma lingua, da mesma cultura... Polo tanto é unha prenda moito máis íntima. Non podo ser moito máis afectuosa porque as outras persoas que me queren ofrecer eses outros premios son persoas ás que me liga moito afecto. Pero isto é case biolóxico, porque estamos na mesma familia. Para min é iso, meus irmaos que me chamaron aquí e me puxeron dentro desta festa.

Coa cultura galega eu sinto unha afinidade moi moi especial, e hai realmente unha relación de irmandade. Somos fillos dos mesmos pais, da mesma lingua, da mesma cultura...

**- Falabamos antes das dificultades de comunicación e de circulación de produtos culturais entre Galiza e Portugal. Que cre que se pode facer no ámbito das relacións entre as dúas culturas?**

- Non sei, eu sei que os meus amigos galegos, escritores e cantores, ollan moito para Portugal e fan o que poden para que haxa intercambio e proxectos comúns. Os portugueses non tanto, eu creo que neste momento da historia están a ollar en direccións diferentes. Os galegos ollan para Portugal e os portugueses están a ollar para Europa, para os países que lles dan subsidios, para os modelos culturais de Europa, queren imitar os países ricos, queren mostrar que están adaptados ás outras culturas e linguas europeas, sobre todo ao inglés.

**- E vostede segue o que está a acontecer na literatura e na cultura galega?**

- Contemporáneos non, excepto os meus amigos, o Carlos Quiroga, o Cesáreo [Sánchez]. Mais non é por ser galega, é porque non acompaño a literatura contemporánea de hai uns anos para acá. Con algunhas rarísimas excepcións, mesmo en Portugal, eu deixei de correr atrás do que é publicado. Dalgún modo perdín a paciencia, porque hai tanta cousa desinteresante, que tes que coller unha opción e a miña foi tornar a convivir cos meus autores.

**- E cales son?**

- Son moitos, sobre todo do século XVIII, XIX e inicios do século XX. Son moitos, que fico sempre a reler e a ler obras novas, a lista nunca mais acaba. Non é un menosprezo para a cultura galega. Canseime das novidades literarias.

O universo celta é o coñecemento do corpo, é onde sinto que eu estou en casa. E teño ese universo aquí mesmo, tan pertiño. Porque a Galiza é celta, realmente celta.

**- Lin que vostede escribe moito mellor cando chove. Debería vivir na Galiza.**

- Eu vivo en Sintra, que é -de lonxe- o sitio máis lindo de Portugal. E acostumaba ser un sitio moi húmido, pero xa non. E probablemente na Galiza tamén pase o mesmo. Nas illas británicas, para onde eu fuxo o máis posíbel, hai ondas de calor insoportábeis. Eu estiven alá agora e non apañei unha pinga de chuva. Non sei eu se a Galiza vai ser salva da mudanza climática [risos].

**- Somos unha das rexións da Europa onde máis chove. Isto é un convite oficial para vivir aquí.**

- [risos] Obrigada! Teño que vir para acá, porque eu síntome ben aquí, porque sinto as raíces celtas a dous pasos de casa. Aquí síntome en casa. A Grecia é un coñecemento -digamos- espiritual, dos ollos e da intelixencia. O universo celta é o coñecemento do corpo, é onde sinto que eu estou en casa. E teño ese universo aquí mesmo, tan pertiño. Porque a Galiza é celta, realmente celta.

**- Sabe que aquí hai unha discusión importante sobre isto?**

- Boh, cando se entra no plano do mito é complicado. E hai diálogos que non se poden ter cos racionalistas, e cos empiristas. Porque na verdade a discusión é maior aínda. É se houbo celtas, se o termo celta se aplica historicamente a algún fluxo poboacional. Nas illas británicas hai unha corrente que di que os celtas non existiron.

[Teño un] temperamento moi preguizoso, que non foi habituado a traballar nin foi educado para o esforzo. Eu non fago planos con nada na vida, e acho que vai todo correr ben.

**- Hai linguas celtas que aínda se falan hoxe.**

- Si, pero o celta como unidade cultural é contestado, mais estas cousas non se poden probar, só se poden sentir. E na Galiza séntese, na propia literatura, nas propias néboas. [risos] E a gaita de foles é case unha proba, non é?

**- Empecemos a falar de vostede. Non gusta de falar dos seus libros, mais hai quen di que é a autora que mellor está a escribir en lingua portuguesa neste momento.**

- Iso nunca pode ser un absoluto. Cada persoa escribe dunha maneira diferente e hai persoas que escriben magnificamente, doutra maneira. Por exemplo, Gonçalo M. Tavares, un amigo meu do corazón.

**- Vostede ten escrito novelas, contos, poemas, traducións... pero a poesía invade todos os seus textos.**

- Si, eu escribo metricamente. A miña prosa é métrica, feita por unha colaxe de versos, porque é ditada por un verso, por un ritmo, por un número de sílabas de cada frase, por centros tónicos. Todo o que eu escribo ten forma poética, e tamén en certo modo, a inspiración -entre aspas- é poética, porque non escribo sobre o real con instrumentos fotográficos, eu escribo sobre o que está para alá do real. O poema informa a prosa.

Ás veces boto meses sen escribir unha frase, porque ela non aparece. E se non aparece, non a escribo, non podoo ir buscala alá onde estea.

**- Escribe as novelas frase a frase, sen estrutura, nin planea previamente a evolución dos personaxes.**

- Si, mais non é un don. Iso é unha característica dun temperamento moi preguizoso, que non foi habituado a traballar nin foi educado para o esforzo. Eu non fago planos con nada na vida, e acho que vai todo correr ben. O de deixarse ir é moito a miña actitude perante as cousas da miña vida. É moi pasiva, o deixar ir, o confiar nos bos ventos. E na escrita fago a mesma cousa. Déixome ir, e por iso me leva tanto tempo escribir unha novela, ás veces boto meses sen escribir unha frase, porque ela non aparece. E se non aparece, non a escribo, non podoo ir buscala alá onde estea. E, por tanto, estou á espera da frase. Mentres, vou vivindo os meus imaxinarios. Tamén porque nunca aceptei unha limitación editorial, por exemplo, que me obrigase a escribir. E polo tanto era incapaz de ter unha precisión profesional, iso de ter que escribir e entregar o libro naquel prazo... no meu caso é o oposto a iso.

**- Defende que a escrita para vostede non é un traballo, é algo natural.**

- Si, non é un traballo absolutamente.

**- Mais consegue vivir diso?**

- Non, esa é a miña liberdade. Eu teño moitos amigos por exemplo, no teatro, e dígolles: vós precisades o diñeiro, non se pode facer unha peza de teatro sen diñeiro. Eu non preciso de diñeiro, eu só preciso dun papel e dun lápis, e de comer un sandwich. Non preciso máis nada para escribir os meus textos. Polo tanto non fago nada que se relacione con producir por diñeiro. Non entra na miña vida. Sentiriame completamente encarcerada.

[O meu editor] É dos pouquísimos que non vendeu a súa editora aos grandes grupos. E ten un *staff* moi pequeno, pero consegue ter o catálogo máis prestixiado de Portugal.

**- Entón o seu proceso da escrita é completamente libre? Se chove produce máis...**

- É que cando chove eu fico cunha enerxía extraordinaria, e nesa altura eu quero facer todo o que non fago normalmente. E cada vez hai menos chuva, así que o meu tempo útil é cada vez máis pequeniño [*risos*].

**- Tamén teño lido que é vostede unha persoa afastada dos media, que vive no seu propio mundo. E que só lle pon dúas condicións aos seus editores: non ter que facer promoción dos libros e que non lle esixan periodicidade nas entregas.**

- Non, absolutamente. Mais o meu editor, co que levo moitos anos [Francisco Vale, de Relógio D'Água] e co que eu teño relacións de afecto, son madriña do fillo del, el está tamén á marxe das leis do mercado. É dos pouquísimos editores que non vendeu a súa editora aos grandes grupos. E ten un *staff* moi pequeno, pero consegue ter o catálogo máis prestixiado de Portugal. É unha editora moi prestixiada e ten moitos autores premiados, que son xustamente autores que non fan a vida social da literatura, mais a forza de calidade e de independencia tornouse unha editora excepcional. Eu teño mais un punto no contrato: cando as pequenas editoras comezaron a ser compradas polas grandes, eu fiquei con medo de que isto acontecese e díxenlle: "Don Francisco, imos poñer unha addenda. Se ti venderes a editora, todos os contratos que estean activos cesan. Eu non vou contigo na venda". E el ficou todo cabreado: "Eu morro de pé, eu non vendo". E a verdade é que continúa así e cada día está máis afirmado no mundo editorial. É unha historia feliz.

Eu continuo a pensar que as pequenas cousas xuntas farán grandes cousas. Pero eu mesma teño a percepción de que este é un pensamento estúpido.

**- Vostede é fan dos gastos e da Grecia clásica. E defínese como salvaxe e antisocial. É así?**

- É.

**- Tamén escéptica no terreo social e político.**

- Eu estou completamente retirada, sen obedecer a ningún tipo de convencións. Teño moita forza nas miñas conviccións, sempre fago o que quero e nunca fago o que non quero. Son antisocial nese sentido, mais teño moitos amigos. Son o meu pobo, mais esa é a miña vida persoal, que eu defino como quero e na medida que entendo. Outra cousa é o que aconteza no mundo político. E escéptica son agora, eu non era. Eu fun moi optimista até as primaveras árabes. E durante. Estaba moi optimista e cando resultaron o que resultaron, non era posible que unha persoa minimamente intelixente seguira a ollar o mundo de forma optimista. E cada vez vou recibindo máis marteladas co que vai pasando. Co Trump, coa extrema dereita na Europa... Eu continuo a pensar que as pequenas cousas, as pequenas conversas, que a palabra aínda se fai ouvir. Que as pequenas cousas xuntas farán grandes cousas. Pero eu mesma teño a percepción de que este é un pensamento estúpido. Non é un pensamento que proveña dunha lectura do real. Entón, quen é o que non está escéptico? Eu fun das últimas resistentes optimistas, porque xa os meus amigos estaban todos pesimistas, e eu aínda estaba a pensar que si, que aínda se podía...

Temos un presidente da República marabilloso, por oposición ao anterior. El soño deprimía unha nación.

**- Non sei como se está a ver desde dentro de Portugal, mais aquí chegan noticias positivas a respecto da súa saída da crise, completamente diferente do que se está a facer en España ou en Grecia. E mesmo o suceso de Portugal en Eurovisión parece que instala o país no optimismo.**

- Foi bonito, o rapaz é moi bonito, a actitude foi bonita, mais é un programa de televisión. Portugal está con suceso económico. Aquela fórmula de goberno está a funcionar, é verdade, é digno. Temos un presidente da República marabilloso, por oposición ao anterior. El soño deprimía unha nación [risos]. E todo isto é produto de eleccións e dunha serie de azares e circunstancias que se xuntan. E agora estamos nunha boa circunstancia. Hai persoas moi habilidosas politicamente, e moi intelixentes, e moi cultas. Tamén facía falta. O primeiro ministro é unha persoa habilidosisima, capaz de gardar o equilibrio en procesos de desequilibrio inminente, por tanto estamos nunha boa circunstancia, mais iso é un puntinho no mundo. E non afecta ao mundo. Pode facer sorrir ás persoas que miran cara alí e digan "era bo que iso aquí acontecese", mais iso non vai afectar o mundo, porque non é unha mudanza de valores, ideolóxica, non é revolución, non é unha cousa que se diga: "alí faise diferente e con iso o dominó vai andar o contrario". Non vai afectar o mundo. É un momento feliz para nós. É un momento tranquilo, os portugueses dormen tranquilos, están sosegados, un momento bo, mais non é de mudanza, nada trascendental. E como eu non son nacionalista, pois iso, é un puntinho no mundo.

O 25 de abril si, iso foi a felicidade dun pobo

**- Non é un 25 de abril.**

- Non. Se se pode falar de felicidade dun pobo, o 25 de abril si, iso foi a felicidade dun pobo, aínda que a metade do pobo estivese un pouco embriagado, e logo pasado o tempo voltase ao seu xuízo, referíndome á defensa dos seus intereses de clase. Mais ese momento foi capaz de afectar o mundo.

**- Hai poucas revolucións tan fermosas coma esa.**

- Si, foi unha cousa da que tes sempre saudade, mesmo a pesar de como evoluiu despois. Mais iso foi fermoso, exactamente.

A autora non quere rematar sen lembrar a Fran Pérez, Narf, a quen lle dedicou o premio e quen musicou un poema dela, "25 de abril", que podemos escoitar no seu disco 'Totem' (2007): "Fomos amigos, aínda que non nos viamos moitas veces, pero tiñamos unha relación moi próxima, de corazón. Fomos xuntos a Mozambique..."